



MOI IMPORTANTE PARA USO DO TRANSPORTE ESCOLAR

Estimadas familias de **alumnado que vive a menos de 2 km do colexio**

Esperamos que esteades ben.

As paradas que se ven afectadas no noso centro son:

- Na **ruta 2**:
 - Santa Comba (ao lado da panadería).
 - Molesón.
- Na **ruta 3**:
 - Fariñas.
 - O Covelo.
- Na **ruta 4**:
 - Guisande 1.
 - Guisande.
- Na **ruta 6**:
 - Ventosa 2.
 - Ventosa.
 - Ventosa 3.
- Na **ruta 7**:
 - Santa Catalina.
 - A Ponte.

Como sabedes doutros cursos, cando o transporte escolar dependía da Consellería de Educación, o alumnado que vivía a menos de 2 km do centro non ostentaba a condición de usuario con dereito a transporte escolar, habendo paradas autorizadas e prazas dispoñibles, as familias solicitaban ese servizo a dirección do centro tramitaba a solicitude e o alumnado utilizaba o servizo.

Dende o curso pasado o transporte do noso centro pertence a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (servizos integrados) e iso trae consigo algúns cambios. Un deles é o referido a uso do transporte polo alumnado que vive a menos de 2km do centro.



Así:

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas ... para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte Xente Nova, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web: <https://www.bus.gal/gl> e concretamente <https://www.bus.gal/gl/xente-nova>

Se necesitas máis información ou aclaración sobre as xestións a realizar para que os/as vosos/as fillos/as poden seguir utilizando o transporte escolar segundo esta nova instrución, **podedes chamar a dirección do centro neste horario:**

- Día 8 de setembro de 10:00 a 11:00h.
- Día 9 de setembro de 11:30 a 12:30 h.
- Día 10 de setembro de 12:00 a 13:00h.

Saúdos

Dirección